

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESAS GALEGAS DE SOFTWARE LIBRE PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN, CAPACITACIÓN E PROMOCIÓN DO SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS E O USO DE ESTÁNDARES ABERTOS EN GALICIA

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, **dona Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (co NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo *Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos*, modificado polo *Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos* e polo *Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia*.

Doutra parte **don Carlos Rodríguez García**, Presidente da Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (co NIF G70128194), domiciliada na Rúa do Hórreo, nº 22, 3ª, Santiago de Compostela, 15707 (A Coruña), constituída o 1 de agosto de 2007 en Santiago de Compostela, con facultades para a formalización do presente convenio de acordo aos seus estatutos.

Interveñen no nome das entidades que representan, en función dos seus respectivos cargos e en virtude das facultades que teñen conferidas



EXPOÑEN

Primeiro.

Segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo. A Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (en diante Agasol) é unha asociación de empresas galegas de software libre que pretende exercer como interlocutores dun sector en fase expansiva en Galicia e, ao tempo, promocionar un modelo de Sociedade do Coñecemento no que resulta clave a liberdade para mellorar os programas informáticos e facer públicos e accesibles eses progresos.

Os principais obxectivos de Agasol son:

- Promocionar o Software Libre como ferramenta válida para desenvolver a Sociedade da Información en Galicia.
- Servir de interlocutor ante a Administración Pública galega para apoiála e asesorala no proceso de migración e implantación de Software Libre e estándares abertos.



- Fomentar e organizar a colaboración entre os seus socios.

Terceiro. A Xunta de Galicia, ante o escenario dixital que nos rodea, motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital –solidaria e inclusiva– e á transparencia e participación de todos os axentes implicados no desenvolvemento económico de Galicia, está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega. Neste contexto, o sector das TIC galego debe converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

O Consello da Xunta aprobou, o 3 de decembro de 2020, a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para tod@s, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental

Así mesmo, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

No Consello da Xunta celebrado o 4 de outubro de 2018 presentouse o Plan de Promoción do Talento Dixital de Galicia – DigiTalent – aliñado coas axendas dixitais tanto galega como nacional e europea no referente ao fomento das vocacións tecnolóxicas e ao impulso do emprego ligado á economía dixital. Así, dentro de Digitalent identifícase o programa Girl STEM para crear referentes, visibilizar roles entre o alumnado feminino guiado por profesionais de recoñecido prestixio que a través de distintas sesións de traballo de sensibilización e orientación inspiren e acheguen a súa experiencia ás nenas para que aposten por carreiras STEM (acrónimo



en inglés de Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñeiría e Matemáticas).

Por outra banda, o Plan de Inclusión Dixital de Galicia, aprobado o día 21 de abril de 2016 en Consello de Xunta, asume o desafío de avanzar na alfabetización á autonomía dixital impulsando un novo modelo de inclusión dixital. No marco do Plan de Inclusión Dixital de Galicia, a Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) constitúe un dos proxectos clave que asentaron as bases para definir a nova estratexia de inclusión dixital da comunidade e que ten o obxectivo común de transformar á cidadanía galega nunha sociedade plenamente integrada na sociedade dixital.

Ademais, no marco do Plan DigiTalent e do Plan de Inclusión Dixital de Galicia identifícase a Certificación Galega de Competencias Dixitais en ofimática (CODIX), o documento que acredita posuír a combinación dos coñecementos e habilidades vinculadas á competencia dixital.

Cuarto. A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios o impulso á implantación do Software Libre e o uso de estándares abertos na nosa comunidade como peza clave para facilitar o acceso á Sociedade da Información en condicións de igualdade, axudando ademais a un mellor desenvolvemento da industria TIC local.

Quinto. Para levar a cabo a devandita finalidade preténdese a posta en marcha dunha serie de actuacións en colaboración con Agasol para o fomento da Sociedade da Información e o fortalecemento do sector das TIC galego, de cara a facilitar a sustentabilidade tecnolóxica e o incremento da produtividade aproveitando as vantaxes do Software Libre e garantindo a interoperabilidade mediante o uso de estándares abertos.

É evidente pois, que a achega económica desta axencia ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías das comunicacións entre os profesionais e a sociedade en xeral.





- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.
- Impulso das vocacións científico-tecnolóxicas, especialmente entre as nenas.
- Promover á igualdade de xénero no sector das TIC.

Por todo o exposto considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1).

En consecuencia, a Amtega e a Agasol acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente Convenio de Colaboración entre a Amtega e Agasol ten por obxecto a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción do software libre e de fontes abertas e o uso de estándares abertos en Galicia, para o fomento da Sociedade da Información en Galicia.

Este convenio enmárcase dentro das accións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030.



Segunda. Descrición do proxecto

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

1. Xornadas empresariais - Como xestionar unha empresa en software libre

Esta actuación ten como finalidade a organización de xornadas de divulgación orientadas a achegar diversas solucións empresariais en software libre, amplamente implantadas, a través de provedores tecnolóxicos que as fornezan, acompañados por empresas, preferentemente galegas, que estean a empregar dita solución no seu negocio. Durante o ano 2022 contéplase a celebración de canto menos 4 xornadas presencial con retransmisión en liña, de aproximadamente 2 horas de duración, a razón dunha solución por xornada.

2. Programa *Girl SteAm*. A loita por impulsar o emprendemento feminino, Mulleres e Tecnoloxía

Impulso de actividades de mentorado próximo desde idades temperás dirixidas ás nenas, para espertar o seu interese e reforzar a confianza nas súas capacidades para cursar estudos *SteAm* a través de obradoiros formativos prácticos, onde aprender e experimentar coa tecnoloxía, coa finalidade principal de fomentar o talento e despertar vocacións tecnocientíficas.

No desenvolvemento dos obradoiros búscase trasladar mensaxes e elementos transversais como:

- A igualdade.
- O sentido crítico ante a tecnoloxía.
- O uso creativo da tecnoloxía, máis aló do mero uso e consumo.
- A colaboración e o traballo en equipo.



- A importancia das artes como ferramenta de desenvolvemento.

Celebraranse, cando menos, obradoiros formativos prácticos presenciais en 15 concellos galegos a desenvolver, preferentemente, no segundo e terceiro trimestre do ano 2022.

- Grupo1: rapazada de 8-11 anos. Dúas sesións.
- Grupo 2: rapazada de 12-15 anos. Dúas sesións.

Cada sesión terá unha duración máxima de hora e media.

Os obradoiros celebraranse, sempre que sexa posible, en aulas CEMIT e unha das sesións terá lugar preferentemente no centro Gaiás Tech.

3. Organización dun slot do Congreso "esLibre"

"esLibre" é un encontro de persoas interesadas na Cultura Libre, enfocado a compartir coñecemento e experiencia ao redor das mesmas.

No marco deste Convenio, Agasol organizaría algún dos slots do evento, incluíndo a xestión completa: relatores, coordinación de sala e loxística, son,...

O formato estará composto por: Sesión plenaria, Sesións paralelas (Presentacións especializadas, agrupadas tematicamente en "salas" -devrooms-), talleres, Mesas de comunidade. Proponse tamén organizar algúns premios no marco do Congreso.

A asistencia ao congreso será libre e gratuíta.

4. Elaboración de recursos formativos para a Rede CeMIT relativos ás competencias dixitais no ámbito do software libre e os estándares abertos.

Elaboraranse materiais e recursos de autoformación destinados á cidadanía e/ou que os axentes dinamizadores das aulas CeMIT poidan empregar como recurso formativo, cunha duración máxima de 20 horas. A temática/s de autoformación atenderán ás demandas detectadas no público destinatario.



O formato do recurso formativo sería SCORM u outro formato compatible con Moodle que inclúa unha parte final de probas e exercicios tipo test para a súa avaliación (con 30 preguntas).

Con estas actuacións, contribuírase ao impulso á implantación do Software Libre e o uso de estándares abertos na rede de Aulas CeMIT e, por extensión, na nosa Comunidade como peza clave para facilitar o acceso inclusivo a unha sociedade plenamente dixital.

Terceira. Obrigas de Agasol

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, Agasol obrígase a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da lei 9/2017 de subvencións de Galicia.
- Ante a posibilidade de que as circunstancias sanitarias ocasionadas pola COVID-19 afecten con maior ou menor intensidade á realización de actividades presenciais, axustarase o seu desenvolvemento para garantir a seguridade sanitaria dos participantes. En todo caso, deberá realizarse a execución completa das actividades cumprindo coas restricións sanitarias.
- Cumprir a normativa en materia de protección de datos e seguridade da información, concretamente, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, e as normas que a desenvolven.





- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Amtega.
- Entregar todo o material elaborado dentro do marco deste convenio de acordo co establecido na cláusula décimo novena relativa a Dereitos de explotación e propiedade intelectual.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Amtega como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio
- Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Amtega co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- Agasol comprométese a xustificar ante a Amtega todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.
- Agasol quedará sometido aos procedementos de control establecidos. A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24/12/2013, L352/1).

Doutra banda, Agasol presentou, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR601A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:





- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal.
- Declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do regulamento *de minimis*).
- Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades".
- Autorización á Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.

Non obstante, Agasol poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.

Cuarta. Gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data límite de xustificación do convenio.

Os custos correspondentes as axudas de custo, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados por Agasol á actividade



subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Os gastos xerais de Agasol vinculados directamente á execución das actuacións recollidas na cláusula 2ª poderán imputarse con cargo ao presente convenio, ata un límite do 10% do total da subvención establecida nesta cláusula.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, Contratos do Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1), quedando condicionada polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

O orzamento de gasto estimado para o desenvolvemento das actuacións deste convenio é o seguinte:





Proxecto	Importe
1. Xornadas empresariais - Como xestionar unha empresa en software libre	4.500,00 €
2. Programa <i>Girl SteAm</i>. A loita por impulsar o emprendemento feminino, Mulleres e Tecnoloxía	22.900,00 €
3. Organización dun slot do Congreso "esLibre"	9.000,00 €
4. Elaboración de recursos formativos para a Rede CeMIT relativos ás competencias dixitais no ámbito do software libre e os estándares abertos	3.600,00 €
TOTAL*	40.000,00 €

Quinta. Dirección, medios humanos e materiais.

Agasol, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Amtega poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.



Sexta. Orzamento e obrigas da Amtega

A Amtega financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de CORENTA MIL EUROS (40.000 €), con cargo á partida orzamentaria 04.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

O financiamento por parte da Amtega das actuacións obxecto do presente convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

Sétima. Xustificación

Agasol presentará ante a Amtega a xustificación da subvención. O prazo para presentar a xustificación finaliza o **31 de outubro de 2022** e se presentará a seguinte documentación xustificativa, a través do procedemento PR601A habilitado para o efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- Solicitud de pagamento.
- Excepcionalmente, no caso de que o solicitante revogase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que está ao día nas súas obrigas, deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados





obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.

- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data límite de xustificación.
- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se aceptarán pagamentos en efectivo. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pago mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario, conforme ao artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que tivesen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Declaración de calquera axuda obtida polo beneficiario baixo o réxime *de minimis* no presente ano fiscal e nos dous anteriores.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe





realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).

- Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
- Declaración responsable relativa á porcentaxe de imputación de cada un dos gastos xerais vinculados directamente á execución das actuacións recollidas na cláusula 2ª deste convenio fronte ao total de actividades desenvolvidas por Agasol durante o período de vixencia do Convenio.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- Entregar cuberto o modelo de recompilación de datos, que aparece recollido como **Anexo I** do presente convenio.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Amtega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Oitava. Pagamentos

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, de conformidade co



disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Adicionalmente, con carácter xeral, e previa solicitude, poderá procederse a un anticipo de ata o 50% do importe máximo de financiamento que serán concedidos mediante resolución motivada nas condicións establecidas no artigo 31.6 la Lei 9/2007 e nos artigos 62.2 e 63 do Decreto 11/2009. O prazo para presentar a solicitude do anticipo, rematará o **30 de setembro de 2022**.

Nos termos establecidos no citado Decreto 11/2009, se o beneficiario solicita anticipo e/ou pagamentos a conta por un importe acumulado superior a 18.000,00 €, estará obrigado á presentación do xustificante acreditativo da constitución da garantía mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e que ten que ser depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, que deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta e polo prazo que medie entre a data de presentación do xustificante acreditativo da constitución de garantía e, como mínimo, aquel en que se cumpran dous meses desde o final do prazo de xustificación. A garantía será liberada unha vez xustificada e comprobada a realización do investimento ou a actividade obxecto de axuda, segundo se establece no artigo 67 do mencionado Decreto 11/2009.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80% do importe máximo do convenio.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

O pagamento realizarase sempre previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Amtega.

Novena. Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha



realización deficiente do proxecto. Producirase a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe de minoración da subvención.

Décima. Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, poderá supoñer a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56, respectivamente, da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61, respectivamente, do mesmo corpo legal.



Décimo primeira. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo segunda . Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Décimo terceira. Comisión de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Amtega e dous representantes de Agasol, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Amtega, a persoa titular da súa dirección, ou persoa na que delegue e a persoa titular da Dirección da Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.
- Por Agasol, a persoa titular da súa Presidencia e a persoa titular da súa Xerencia, ou persoas que as substitúan.

Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección da Amtega, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

Décimo cuarta. Publicidade

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario. Asemade tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de



transparencia e bo goberno; en caso de incumprimento desta obriga, estarase ao disposto no punto 4 do artigo citado.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo quinta . Resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Décimo sexta. Modificación da concesión

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.



2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a directora da Amtega poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
 - b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
 - c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.
3. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á directora da Amtega, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, ata o **30 de setembro de 2022**. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.
4. A conformidade expresa da Amtega ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Área de Sociedade Dixital da Amtega, e só será outorgada cando non se alteren significativamente o proxecto inicial e se cumpran os requisitos antes indicados.
5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola directora da Amtega logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sétima . Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste



convenio e a Amtega.

Décimo oitava . Interpretación

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Amtega ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Décimo novena. Dereitos de explotación e propiedade intelectual

A documentación e o material elaborado dentro do marco deste convenio deberá poñerse a disposición da sociedade en xeral, así como da entrega de copia da documentación á Amtega, con licenzas de documentación libres aprobadas pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative, preferentemente coa licenza Creative Commons Recoñecemento – Compartirlgual (**CC-BY-SA**).

Agasol debe garantir que obtivo, no caso de ser necesario, o permiso dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou do seu representante legal, para utilizar fragmentos de textos, ilustracións, mapas, sons, vídeos, gráficos ou outros elementos incluídos na obra ou obras entregadas.

Agasol deberá facer dispoñible, no caso de que a obra final sexa obtida mediante compilación ou procesamento dun ficheiro fonte ou varios, todos os ficheiros necesarios para xerar a obra, baixo as mesmas condicións que a propia obra.

A obra debe empregar formatos e estándares abertos e non deben existir restricións técnicas ou outro tipo de restricións ou limitacións que limiten as liberdades de uso, estudo, copia, cambios, realización de melloras, distribución total ou parcial



da obra e das súas modificacións.

De ser o caso, o código fonte das aplicacións desenvolvidas no ámbito deste convenio deberán poñerse a disposición da sociedade en xeral e da Amtega cunha licenza compatible coa definición de Software Libre ou de Fontes Abertas segundo o Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, asegurando que os programas, datos ou información que se comparten:

- a) Poden executarse para calquera propósito.
- b) Permiten coñecer o seu código fonte.
- c) Poden modificarse ou mellorarse.
- d) Poden redistribuírse a outros usuarios con ou sen cambios sempre que a obra derivada manteña estas mesmas catro garantías.

Agasol publicará na súa web os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio facendo constar o financiamento da Amtega.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

Vixésima. Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexeráse por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a





Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

- Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1).

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio.

A directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia

O presidente da Asociación de Empresas
Galegas de Software Libre (AGASOL)

Mar Pereira Álvarez

Carlos Rodríguez García



ANEXO I

INDICADORES A CONSIDERAR PARA O CUMPRIMENTO DOS OS OBXECTIVOS DO
CONVENIO:

- Nº total de asistentes ás xornadas, obradoiros e seminarios.

OUTROS INDICADORES A CONSIDERAR A EFECTOS ESTATÍSTICOS NO RELATIVO A

“Estratexia galega sobre discapacidade”, “Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes”, “Plan Galego de Persoas Miores”:

- Nº de asistentes por rango de idade e por sexo ás xornadas, obradoiros e seminarios.
- Nº de persoas asistentes, por sexo, con discapacidade ás que se facilitase a accesibilidade ás xornadas, obradoiros e seminarios.
- Nº e tipo de medidas adoptadas para mellorar a accesibilidade de persoas con discapacidade ás xornadas, obradoiros e seminarios



